

RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN POLO PROCEDEMENTO DE ALLEAMENTO DUN INMOBLE SITUADO NO CONCELLO DE VILALBA

Mediante a Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 14 de outubro de 2022 foi autorizado o alleamento, en cuarta poxa pública, dun ben inmueble situado no concello de Vilalba.

O anuncio da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio de alleamento do citado inmueble publicouse o 02/11/2022 no Diario Oficial de Galicia (DOG número 208) e, nesa mesma data, no xornal *El Progreso*. Con data do 19/12/2022 celebrouse a poxa pública anunciada.

Logo da celebración da poxa, ao abeiro do contido da acta da mesa de contratación, de conformidade co disposto no artigo 70 do Decreto 50/1989, polo que se aproba o regulamento de execución da lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e trala proposta da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio,

DISPOÑO:

Primeiro

Aprobar a seguinte adxudicación:

A Daniel Verdes Bello, polo prezo de vinte e dous mil euros (22 000,00 €), a parcela de 32 935 m², con todas as súas pertenzas e accesións, situada no concello de Vilalba que se corresponde co nº 299 do polígono 3 do catastro co nome de "Pegos". Linda: norte coas parcelas nº 297, titularidade de Lidia Pedreira Pico e nº 296 e 300 titularidade de Olegario Verdes Pico; sur con camiño; leste con parcelas nº 296 e 300 titularidade de Olegario Verdes Pico; oeste con camiño. Referencias catastrais: 27065B003002990000IA e 001900700PH19D0001YQ. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Vilalba como predio 21.143, folio 201, libro 194, tomo 431.

Segundo

O pagamento do prezo de adxudicación efectuarase segundo o estipulado no artigo 70.3 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo polo que se aproba o regulamento de execución da lei de patrimonio.



Terceiro

A venda formalizarase como corpo certo en escritura pública, e serán por conta do adquirente, os custos do seu outorgamento. Os tributos derivados da transmisión serán esixidos conforme ao disposto na lexislación tributaria. Así mesmo, queda a cargo do adxudicatario o pagamento dos custos do anuncio de alleamento realizado neste procedemento.

Cuarto

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta Consellería no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, ou recurso contencioso - administrativo perante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
O conselleiro de Facenda e Administración Pública
O secretario xeral técnico e do Patrimonio
(P.D. Orde do 15/12/2021; DOG nº 246, do 24 de decembro)
Jorge Atán Castro

